



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Asunto: Información sobre a Campaña neve 2023 da Deputación da Coruña.

EXPEDIENTE: 2022/D002/000015

Estimado/a veciño/a:

Póñoome en contacto con vostede para informarlle da *Campaña neve 2023* que organiza a Deputación da Coruña. As características desta actividade serán as seguintes:

LUGAR: Estación Valgrande-Pajares (Asturias).

CARACTERÍSTICAS: os/as participantes gozarán de catro días con aloxamento e manutención, nun albergue próximo á estación, contarán con cursos de esquí e actividades complementarias.

A Deputación asume a maior parte dos gastos ocasionados pola campaña: transporte dende os puntos de recollida en cabeceiras de comarca, estadía e manutención na estación invernal, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remotes mecánicos na estación e as actividades.

DATAS: do 10 ao 13 de febreiro de 2023 (5.^a quenda)

DESTINATARIOS: rapaces/zas de 11 a 15 anos inclusive, cumpridos a 31 de decembro de 2022.

COTA: 85 €.

PRAZO DE PREINSCRICIÓN: ata o 16 de decembro de 2022, entregando a ficha de preinscrición, por rexistro de entrada ou por sede electrónica do concello.

PRAZAS CONCEDIDAS AO CONCELLO DE BERGONDO: 6

No caso de recibir máis solicitudes que prazas concedidas, farase un sorteo público, onde terán prioridade:

- Os/as empadroados/as no Concello de Bergondo.
- Os/as rapaces/zas que non foran a ningunha campaña da neve/inverno da Deputación.

Reciba un cordial saúdo,

Bergondo, 5 de decembro de 2022
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez